



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2019/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Constitución da Corporacion 2019-2023»
<b>Data</b>	15 de xuño de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 12:00 ata as 12:22 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	Sí
33310371T	Angel Seoane Lamela	Sí
33860503H	Carlos Plácido Buján López	Sí
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	Sí
33538075G	Ivan Morado Corral	Sí
33852423B	JOSE FERREIRO FERNÁNDEZ	Sí
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	Sí
33317872A	Maria Pilar Vazquez Ares	Sí
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	Sí
33844142X	María Manuela Carballeira García	Sí

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Constitución da Corporación 2019-2023. Expediente 237/2019.

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentim  
ento

Na Vila de Guitiriz, cando son as 12.00 horas do día 15 de xuño de 2019, reúnense no Salón de Sesións deste Concello, previa convocatoria realizada ó efecto nos termos legalmente establecidos, os concelleiros e concelleiras electos, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, para proceder a constitución da nova Corporación municipal resultante das eleccións locais do pasado 26/05/2019, baixo a presidencia da mesa de idade, actuando como secretario da mesa de idade o secretario da Corporación que da fé do acto e redacta a preceptiva acta da sesión. Asiste tamén o interventor municipal en réxime de acumulación de funcións, don José Ferreiro Fernández, e o Tesoreiro municipal, don José Sanjiao Rodríguez.

Sesión constitutiva da Corporación de Guitiriz 2019-2023 tralas eleccións locais de 26/05/2019.

O Sr. Secretario procede á apertura da sesión indicando que na presente sesión pública vai procederse á constitución da nova Corporación municipal e á elección de alcalde ou alcaldesa de Guitiriz de conformidade co establecido na Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais aprobado por RD 2568/1986.

O artigo 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral que establece o seguinte:

*“l. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se tivera presentado recurso contencioso electoral*

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

*contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.*

*2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación*

*3. A Mesa comprobará as credenciais presentadas, as acreditacións dá personalidade dos electos con base ás certificacións que ao Concello remitira a Xunta Electoral de Zoa.*

*4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de concelleiros presentes."*

A mesa de idade para a presente sesión constitutiva estará integrada polo candidato electo de maior idade, don Xose Lois González Souto, que exercerá de presidente da mesa de idade, e a candidata electa de menor idade, dona Ainara Pérez Losada, presentes nesta sesión, e que poden pasar a ocupar os seus postos para presidir a sesión, actuando como secretario da mesa de idade o secretario da Corporación.

O presidente da mesa de idade, declara constituída a mesa de idade por estar presentes na sesión as persoas a quen lles corresponde formalmente, procedéndose seguidamente conforme establece a Lei orgánica de réxime electoral xeral.

A vogal da mesa de idade di que procede a continuación a toma de posesión dos concelleiros previo xuramento ou promesa dos cargos, de acordo co artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral que establece o seguinte:

*"No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprir os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos."*

O secretario di que Os candidatos electos de acordo coa acta de proclamación de candidatos da Xunta Electoral de Zoa de Vilalba de data 29/05/2019 son os seguintes:

Polo partido socialista de Galicia-PSOE, que obtivo 1.559 votos e 7 concelleiros:

Dona Marisol Morandeira Morandeira

Dona Paula Campo Barral

Don Carlos Plácido Buján López

Dona Laura Ageitos Miragaya

Don Ivan Morado Corral

Dona Ainara Pérez Losada

Dona María Pilar Vázquez Ares

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

Polo partido popular, que obtivo 1.250 votos e 5 concelleiros:

Don Xosé María Teixido Núñez  
Don Angel Seoane Lamela  
Don Francisco José Penas Pardo  
Dona María Manuela Carballeira García  
Dona Mónica Vázquez Lago

Polo partido BNG, que obtivo 424 votos e 1 concelleiro:

Don Xosé Lois González Souto

A vogal da mesa de idade di que procédese a continuación a comprobar como marca a Lei as credenciais dos concelleiros electos presentadas na secretaría da Corporación coa certificación emitida pola xunta electoral de zoa de Vilalba, e que todos os concelleiros electos formularon as declaracións de bens e actividades segundo o artigo 75.5 da Lei de bases de réxime local e 108.8 da Lei electoral conforme ao modelo de declaración aprobado polo Pleno desta Corporación.

O presidente da mesa de idade di que unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos legalmente esixibles aos concelleiros electos, procede prestar xuramento ou promesa do cargo de concelleiro e concelleira de acordo coa fórmula legalmente establecida.

O secretario di que para a toma de posesión utilízase a fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/79 do 5 de abril, que é a seguinte:

<i>¿XURADES OU</i>	<i>PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR</i>
<i>FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELEIRO OU CONCELEIRA DO</i>	
<i>CONCELLO DE GUITIRIZ CON LEALTADE AO REY E GARDAR E FACER GARDAR</i>	
<i>A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?</i>	

Cada concelleiro e concelleira electos deberán contestar “si xuro” ou “si prometo” ao ser chamado:

Dona Marisol Morandeira Morandeira: si, prometo  
Dona Paula Campo Barral: si, prometo  
Don Carlos Plácido Buján López: si, prometo  
Dona Laura Ageitos Miragaya: si, prometo  
Don Ivan Morado Corral: si, prometo  
Dona Ainara Pérez Losada: si, prometo  
Dona María Pilar Vázquez Ares: si, prometo  
Don Xosé María Teixido Núñez: si, xuro  
Don Angel Seoane Lamela: si, xuro  
Don Francisco José Penas Pardo: si, xuro  
Dona María Manuela Carballeira García: si, xuro

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

Dona Mónica Vázquez Lago: si, xuro  
Don Xosé Lois González Souto: si, prometo

O presidente da mesa de idade di que unha vez cumprido o disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral e no Real Decreto 707/79, esta meda de idade declara constituída a nova Corporación de Guitiriz tras as eleccións locais celebradas o día 26/05/2019.

A vogal da mesa de idade da conta á nova Corporación do arqueo extraordinario realizado en data 14/06/2019, e da comprobación do inventario de bens en cumprimento do establecido no artigo 86 del Texto Refundido de Réxime Local e no artigo 56 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, cuxos datos incorporaranse como anexos I e II á acta desta sesión constitutiva.

O presidente da mesa de idade di que vai procederse a continuación á elección de alcalde ou alcaldesa do Concello de Guitiriz previa lectura do artigo 196 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

O secretario di que o artigo 196 que establece o seguinte procedemento para a elección de alcalde ou alcaldesa:

*"Na mesma sesión de constitución da Corporación se procede á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:*

- a) Poden ser candidatos tódolos Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros (que son 7 na Corporación de Guitiriz) é proclamado electo.*
- c) Se ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.*

A vogal da mesa de idade di que poderán presentar candidaturas á alcaldía aqueles concelleiros e concelleiras electos que encabecen algunha lista, que deberán responder si ou non ao ser nomeados:

- Dona Marisol Morandeira Morandeira, polo partido socialista de Galicia-PSOE: si
- Don Xosé María Teixido Núñez, polo Partido Popular: si
- Don Xosé Lois González Souto, polo partido BNG: si

O secretario di que os candidatos e candidatas proclamados á elección de Alcalde ou alcaldesa son os 3 seguintes:

- Dona Marisol Morandeira Morandeira, polo partido socialista de Galicia-PSOE
- Don Xosé María Teixido Núñez, polo Partido Popular
- Don Xosé Lois González Souto, polo partido BNG

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

A vogal da mesa de idade di que procédese á votación dos candidatos á alcaldía polo sistema de votación ordinaria a man alzada:

-Votos a favor da candidatura de dona Marisol Morandeira Morandeira, polo partido socialista de Galicia-PSOE.

-Votos a favor da candidatura de don Xosé María Teixido Núñez, polo Partido Popular.

-Votos a favor da candidatura de don Xosé Lois González Souto, polo partido BNG.

O secretario di que os resultados da votación son os seguintes:

-Candidatura de dona Marisol Morandeira Morandeira polo partido socialista de Galicia-PSOE: 7 votos

-Candidatura de don Xosé María Teixido Núñez polo Partido Popular: 5 votos

-Candidatura de Xosé Lois González Souto, polo partido BNG: 1 voto.

O secretario di que ao obter a candidatura de dona Marisol Morandeira Morandeira a maioría absoluta dos votos dos membros da Corporación (7 votos), queda proclamada alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz dona Marisol Morandeira Morandeira.

O presidente da mesa de idade di que a Sra. Alcaldesa-presidenta electa debe prometer ou xurar o cargo para o que foi elixida segundo esixe o artigo 40.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais que establece o seguinte:

*“Quen resulte proclamado Alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación, de acordo coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos”*

¿XURAS OU	PROMETES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR
FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE ALCALDESA-PRESIDENTA DO	
CONCELLO DE GUITIRIZ CON LEALTADE Ó REY E GARDAR E FACER GARDAR A	
CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?	

Sra. Alcaldesa: Si, prometo.

O presidente da mesa de idade di que de acordo co disposto na Lei lle damos posesión do cargo de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz facéndolle entrega do bastón de mando.

A Sra. Alcaldesa ocupa a Presidencia da sesión e realiza a seguinte intervención:

*“En primeiro lugar quero dar as gracias á miña familia, en especial a miña nai que casualmente hoxe está de aniversario, ela é un exemplo de superación nas nosas vidas,*

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

*e gran parte dos meus logros son grazas a esa capacidade de superación que ela foi capaz de transmitirnos.*

*Grazas os/as veciños/as pola confianza depositada en nós, esta confianza maioritaria fai que aumente a responsabilidade que debemos asumir os próximos catro anos, pero tamén fai que aumenten as forzas. Traballaremos para todas e todos, para conseguir que Guitiriz medre e continúe avanzando, para conseguir o Guitiriz que todos/as queremos. A nosa misión é construír, non destruír, buscaremos o apoio do pleno nos asuntos mais relevantes para o noso concello e traballaremos arreo para conseguilo.*

*Faremos que todos/as recuperemos a ilusión polas posibilidades que ten o noso pobo, nós estaremos aí para traballar.*

*A casa do concello esta aberta a todos/as os/as veciños/as, estamos aquí para escoitar e para dialogar.*

*O meu agradecemento a Regina que foi a que me deu a oportunidade de estar aquí.*

*Grazas a todas as persoas que se arriscaron a acompañarme nesta aventura, e unha mención moi especial para as persoas que formando parte da miña vida son partícipes dos meus logros, algunhas están aquí, outras non puideron acompañarme fisicamente e outras permaneceron sempre comigo, axudándome e alentándome.*

*É unha honra asumir esta responsabilidade, non vos defraudarei, e estarei, estaremos á altura da confianza outorgada.*

*Gracias a todos/as."*

E sendo as 12.22h a Sr. Alcaldesa levanta a sesión, do que eu como secretario certifico.

### ANEXOS

#### ANEXO I - COMPROBACION DO INVENTARIO CON MOTIVO DA CONSTITUCION DA NOVA CORPORACION

DILIXENCIA DA SECRETARIA DE DATA 13 DE XUÑO DE 2019

Este secretaría informa aos membros da Corporación municipal da obriga do Concello Pleno de aprobar e actualizar anualmente o Inventario de Bens municipais de acordo co disposto no artigo 86 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece que:

*"As Entidades Locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen, do que se remitirá copia ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma e que se rectificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación"*

Para dar cumprimento ao que dispón o artigo 36.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante, R.O.F.), emítese o presente INFORME:

1.- O artigo 36.2 do R.O.F. dispón que o Secretario tomará as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais estea preparada a documentación relativa ao Inventario do patrimonio da Corporación.

2.- Para cumprir coa obriga mencionada, emítese este informe que se basa nas seguintes consideracións:

Primeira.- Consultado o Libro de Actas do Pleno, resulta que o Pleno da Corporación, en sesión celebrada

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

en data 29/05/2012, adoptou o acordo de aprobación definitiva do inventario xeral de bens do Concello. O inventario de camiños foi aprobado por acordo plenario de data 27/12/2018 e de data 28/03/2019.

Segunda.- Desde a aprobación definitiva do inventario en data 29/12/2012, non constan posteriores acordos relativos á actualización do Inventario de Bens e Dereitos da Corporación.

Terceira.- Tendo en conta que, como se sinalou, dende a data da súa aprobación non constan posteriores acordos relativos á súa actualización, o contido do inventario pode estar desfasado, ao non incorporarse as novas altas, as baixas ou variacións patrimoniais resultado da xestión do Concello ao longo dos anos transcorridos dende a data da súa aprobación definitiva, polo que se informa da necesidade urxente da súa actualización.

Cuarta.- A seguinte relación provisional de variacións no Inventario de bens confeccionase por secretaría aos efectos únicos efectos de dar conta á nova Corporación municipal que se constitúe o día 15/06/2019 en cumprimento do establecido no artigo 86 del Texto Refundido de Régimen Local e no artigo 56 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, incorporándose como anexo á acta da sesión constitutiva:

### I. ALTAS DE BENS

#### Inmobles (epígrafe 1):

-Parcela 254 do polígono 167. Cambio en catastro a nome do Concello a solicitude do Concello, RE nº 2942 de data 4/09/2014. Pendente de inscribir no rexistro da propiedade.

-Parcela 146 do polígono 149 de 2.796 m2. Adquisición onerosa a don Manuel López Losada por Decreto de alcaldía de 5/09/2017 (expte 1237/17), escritura pública de data 8/09/2017 ante a Notaria Cristina López Rodríguez (nº408), e Rexistro da propiedade de 12/09/2017: Tomo 592, Libro 87, Folio 171, Finca 10970, Inscripción 1ª.

#### Vehículos e Mobles (epígrafes 5 e 7):

MAQUINARIA	Nº BASTIDOR/ Nº DE SERIE	PREZO DE COMPRA SEN IVE
Podadora de altura, marca EFCO, modelo PT 2500		487,29 €
Tractor, marca Claas, modelo Arion 610-C,	A2003566	55.787,51 €
Remolque marca LG	LGT 0196	6.779,66 €
Desbrozadora lateral profesional de brazo articulado, marca Cosma, modelo DSP6	nº de serie: 1673 e nº de serie do cabezal: 1698	18.644,06 €
4 desbrozadoras, marca EFCO, modelo 8530	nº de serie: 1750454686 / 1750454686 / 1750454693 / 1750152284	2.448,93 €
Tractor para jardín, marca Husqvarna, modelo CTH 174		2.806,40 €
Cortacesped, marca EFCO, modelo MR 55 TBD	nº serie: 6024047146	792,98 €
Remolque para vehículos municipais. Marca Gonzalez. Modelo 02	Nº serie: VVMRG2M75 Matricula: R-3270-BCS	3.801,65 €
Retroexcavadora. Marca Yanmar. Modelo B25		17.944,30 €
Vehículo adaptado transporte Centro de Día. Marca Nissan modelo NV400	Nº Bastidor: VNVM9000658513151 Matricula: 2870-KSG	39422,12 €
Camión recollida de R.S.U. Marca Volvo. Modelo Halcon	Nº Bastidor: YV2V001A8KZ125345 Matricula: 7384-KWV	114.250,00 €
Vehículo Policía Local	Matricula: 0902-JGR	Cedido pola Xunta de

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

		Galicia

### II.BAIXAS DE BENS

#### Vehículos e Mobles (epígrafes 5 e 7):

-Remolque nave do SENPA declarado como efecto non utilizable por decreto de data 25/02/2013; acta de recepción e de baixa de data 28/02/2013.

### III.MODIFICACIONES DE BENS

#### Inmobles (epígrafe 1):

-Modificación da superficie da parcela municipal situada na rúa Deputación nº8 consecuencia do deslinde aprobado polo Pleno de data 30/04/2015, que pasa a ter 1.001 m2 e estando pendente de inscribir no rexistro da propiedade.

#### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O secretario

Rafael del Barrio Berbel

### ANEXO II. ARQUEO EXTRAORDINARIO REALIZADO EN DATA 14/06/2019

#### Existencias de Tesorería a 14/06/2019

Cuenta	Descripción	Existencias
Finales		
570	CAJA OPERATIVA 141,74 €	
57100	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA ES20-2080-0122-46-3110000022	879.593,69 €
57300	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA ES38-2080-0122-41-3110000040	3.247,49 €
57103	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA ES52-2080-0122-45-3110000077	7.513,89 €
57101	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA, ES35-0182-6219-57-0200270267	248.270,64 €
57104	BANCO SABADELL SA ES31-0081-2166-30-0001002305	
	110.786,73 €	
57102	BANCO SANTANDER SA, ES45-0238-8162-06-0660000173	
	1.072.302,62 €	
5759	BANCO SANTANDER SA, ES77- 0049-0091-00-2015342781	4.405,14
€		
	TOTAL .....	
		2.326.261,94 €

A ALCALDESA en funcións,  
Regina Polín Rodríguez

O INTERVENTOR en acumulación,  
José Ferreiro Fernández

O TESOUREIRO,  
José R. Sanjiao Rodríguez



### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Guitiriz**

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178